


Os irmáns Corazón de León



Título:
Autor:
Ilustrador:
Editorial:
Colección:
Nº páxinas:
ISBN:
Idade:

Os irmáns Corazón de León
Astrid Lindgren
María Lires
Xerais
Merlín
264
84-9782-066-5
De 11 anos en diante

XERAI



a autora

Astrid Lindgren

Nacida en Suecia en 1907.

A partir da década dos corenta, recollida no fogar como ama de casa, comeza a escribir. A súa obra máis famosa será unha triloxía ambientada nos bosques e casas de Samaland: *Pippi Calzaslargas*, *Pippi se embarca* e *Pippi en los mares del Sur*. Traducida a máis de sesenta idiomas, tamén foi convertida en guiión cinematográfico.

Outras obras da súa autoría: *Los niños de Bullerby*, *Más sobre los niños de Bullerby*, *Madita*, *Miguel, el travieso*, *Nuevas aventuras de Miguel*, *Otra vez Miguel*.

A mestura entre realidade e fantasía, o inconformismo e rebeldía dos protagonistas infantís, así como a incursión no tema da morte, son características da súa obra.

a ilustradora

María Lires

Realiza unhas ilustracións sinxelas, case esquemáticas, nas que as figuras poden lembrar aquelas que aparecían nos vellos libros.

Debuxos que poden querer aproximarse aos dos tempos das sagas, a época na que transcorre a maior parte da novela.

Outras obras ilustradas por esta artista son *A casa do tesouro*, *Dona e Don*, *Cantos contos nun tris tras*, *A vaca...*

Da súa autoría é o libro *A árbore*.

o libro

Karlos está enfermo e sabe que vai morrer, pero quen morre antes é o seu irmán máis vello, Ionatan, ao intentar salvalo dun incendio. Ionatan contálle a Karlos que despois da morte se atoparían en Nanguillala, o lugar das sagas e as fogueiras, onde non tes eivas nin enfermidades.

Alí se atopan e gozan de aventuras nese mundo que parece perfecto. Pero non o é. Un tirano ten dominado o Val das Silveiras e aos irmáns Corazón de León non lles quedará máis remedio que enfrontarse a el «se non queren ser uns merdiñas».

De novo, despois da gran batalla na que vencen ao terrible Ténguill e a Katla, terán que morrer, pero viaxarán xuntos a un novo mundo, Nanguilima, o país dos xogos. A autora consegue retratar a morte e a soidade como parte natural da vida, mesturando realidade e fantasía con absoluta normalidade.

temas e valores




O amor entre irmáns



A tenrura e os afectos



A loita polos ideais



A creación de mundos...

Aos que ir despois da morte, lugares nos que atoparnos cos que queremos, creacións que nos tranquilizan.



Bos sentimentos

O irmán máis vello sempre fai todo mellor pero non se gaba por iso senón que, polo contrario, desexa que o pequeno o faga mellor ca el. Tamén lle agacha a cabeza para que non poida ver a crueldade de Ténguil.



A ética

«Hai cousas que tes que facer aínda que che vaia a vida nelas, porque de non facelas, non serías unha persoa feita e dereita senón unha merdiña».



Educación para a paz

Órval dille a Ionatan que se todos foran coma el, incapaz de matar, o mal podería reinar polos séculos dos séculos; daquela, Karlos contéstalle que se todos fosen coma seu irmán non existiría o mal.

actividades

Antes da lectura

- Co libro na man debemos pensar que nos recorda este título, imaxinar que historia pode haber no interior destas capas... Os debuxos tamén nos axudarán a anticipar o tema e a contraportada chegaranos nova información.
- Veremos se lembramos a autora; de non ser así, pasaremos ao apartado axeitado para saber algo máis en relación a ela. Descubriremos que tamén é autora de *Pippi Lanstrum*.
- Podemos aproveitar para ver algunha das películas desta personaxe.

Ao longo da lectura

- Conforme comecemos a lectura, iremos entrando nesa maneira de contar desbordante de tenrura e deixarémonos emocionar, pois esa é unha das virtudes do libro, ser quen de facernos sentir como propia a historia deses dous irmáns que están dispostos a atravesar mundos e mortes con tal de continuar xuntos.
- Vaiamos recollendo datos de cada un dos personaxes, de cara a poder describilos e tamén para facer a nosa propia representación plástica de cada un deles.
- Conforme se vai desenvolvendo o relato, iremos elaborando unha liña argumental, a modo de resumo.
- Contestemos: Cal é o nome dos protagonistas? Cantos anos teñen? Como se chaman o pai e a nai? Por que lle chama Boliño? Que é Nanguillala? Que canción canta a nai? Cal é a diferenza entre o tempo na Terra e en Nanguillala? Que animal pode pasar dun a outro mundo? Onde viven en Nanguillala? De que vales se fala na novela? Cal é o país das fogueiras e as lendas? Que vén sendo o Casarío dos Cabaleiros? Que plantas hai no Casarío dos Cabaleiros? Que é o Galo de Ouro? Quen é o narrador? En que persoa está contada a historia? Quen vive no Casarío dos Tulipáns? Quen é Katla? E Ténguil? Que cancións cantan sobre Karlos? Quen viste de negro e mira á fronte coma se no mundo non houberse ninguén máis ca el? A quen lle gusta disfrazarse? Como se domina a Katla?
- Explicar quen é o personaxe máis divertido de todos, argumentando a resposta.
- Despois de ler cada un dos capítulos, poñerémolles título.
- Tal e como fai a mestra, escíbelle unha carta a alguén que coñecía e morreu.
- Describe o Val das Cerdeiras. Logo poderás debuxalo.

actividades

- Da mesma maneira, describiremos o Val das Silveiras e, posteriormente, debuxarémolo.
- Explica que son as sagas.
- Recollamos o nome dos animais que aparecen na novela.
- Realicemos un mapa de Nanguillala, situando os vales, Karmanllaka, os Ríos Primitivos...
- Di Karlos que vivir sen o irmán era como estar nun túnel negro sen saída. Pensemos nesa sensación e en se algunha vez a sentimos.
- Vivir nunha tiranía é insostible, por iso terá que actuar Karlos. Unha ditadura é unha tiranía. Preguntémoslles aos maiores se coñeceron algunha, en que se notaba... Busquemos datos nos libros de Historia.
- Debuxemos os lugares polos que pasa Ionatan cando vai ao Val das Silveiras.
- Daquela, cando Ionatan prende unha fogueira na noite, lembra todas as que se prenderan en todas as terras do mundo enteiro desde o comezo dos tempos e que xa se apagaran. Pensemos nisto e tamén na razón pola que o lume é tan importante desde sempre.
- «Cabalgar no luar é coma facelo en soños», di Karlos. Ilustremos esta imaxe.
- Nesas terras hai lobos. En Galicia tamén houbo moitos, e iso deu lugar a moitos contos de lobos. Busquemos algún e leámolo.
- Os contrasinais. Lembremos o que usan os homes de Ténguil para entrar no Val das Silveiras. Inventemos algún outro.
- «O val das Silveiras era coma un mar de espuma rosácea mexida polas ondas verdescentes». Definamos outros lugares, tamén, de maneira poética.
- Busquemos casualidades que nos chamen a atención na novela. Pensemos nalgunha que nos sucedera a nós e escribámola.
- Anotemos os momentos da historia nos cales realmente se chega a palpar o medo.
- Ionatan cóntalle a Karlos que o chamou en soños cando viu a Katla.
- Alguén lle pon a un dos irmáns «Corazón de León», logo alguén decide que se chamen así os dous e, finalmente, alguén chama a un dos irmáns «Corazón de Galiña». Expliquemos de quen se trata en cada caso.
- Macías sempre acaba berrando cos gardas e esa parece unha boa maneira de desfacerse deles. Que vos parece esa estratexia? Opinade.
- Nun momento determinado, Macías dilles aos gardas que o tal Corazón de León seguro que non existe e que o inventaron eles para poder acusar ao pobo de agachalo. Terase creado algunha vez un personaxe falso con ese obxectivo? Falemos das estratexias dos tiranos.
- Dos cuartos secretos poderíanse contar moitas historias. Preguntémoslles aos avós se lembran algunha. Pensemos se nalgún dos libros que lemos ou películas que vimos, aparecía un destes cuartos.

actividades

- Reflexionemos sobre a causa de que os irmáns sexan tan diferentes. Por que un deles é tan valente e o outro tan medoñento?
- «Serpeei polo túnel escuro e falei comigo mesmo todo o camiño para tranquilizarme e non asustarme», conta Karlos. Agora pensa ti que é o que fas cando tes medo, como te tranquilizas...
- Ionatan non é quen de ver a ninguén correr perigo e non axudarlle, aínda que sexa un inimigo. Por iso acaba salvando ao soldado e á egua no río. Opinemos sobre esta conduta.
- Ionatan, ademais de querer a Karlos, admírao. E non é para menos; a personalidade do irmán máis vello é moi atractiva. «O combate final é unha saga de morte, por iso ha de ser Orval quen a dirixa e non eu, porque non sirvo para matar a ninguén», dille Ionatan a Karlos.
- «Coma se a noite dos tempos caera sobre eles...» pode ser o principio dun relato que debes continuar.
- Aos irmáns chámalles a atención o feito de que fóra da cova de Katla medren as flores mentres dentro todo está cheo de horror, dun aire espeso de tanta maldade antiga. Poderías relacionar isto con algo que teña que ver coa túa experiencia?
- Katla é un dragón que existe desde o principio dos tempos. Escribamos unha historia desas idades e dos seres que daquela as habitaban.
- «A xente quere oír falar do vento da liberdade, o mesmo que os nenos queren escoitar contos». Expliquemos esta frase en todo o seu sentido.
- Ionatan promételles aos liberadores que cabalgará no medio do combate para dar ánimos á xente, para facer o que el non podía nin quería facer: matar. Debatamos sobre a paz, sobre o dereito a matar...
- Da realidade á terra das sagas, Nanguillala, e desta á dos xogos, Nanguilima. Se na Terra fora Ionatan quen saltara con Karlos nos brazos e atopara a morte, agora é Karlos quen leva a Ionatan. Documentémonos e ilustremos eses momentos.
- Observemos cal é o papel das pombas ao longo do relato.

actividades

Despois da lectura

- Opinemos sobre a historia. Falemos do que nos pareceu, que sentimos mentres a liamos... Vaíamos definíndoa e argumentando as afirmacións: historia triste / historia de afectos e tenrura / historia de morte...
- Recomendémosllela a outros compañeiros por medio dun texto breve que colocaremos no taboleiro da biblioteca ou da aula, na revista escolar ou no boletín da biblioteca.
- Nesta novela, dunha maneira semellante ao que sucedía en Pippi, a fantasía entra dun xeito natural, sinxelo e simple na realidade. Pensemos noutros relatos nos cales suceda o mesmo.
- Lembremos outras historias de lendas e sagas nas que os protagonistas teñan que loitar contra a opresión.
- Leamos outras obras desta mesma autora e comparémolas.
- Documentémonos sobre a figura de Ricardo Corazón de León.
- Cada un debe escoller a ilustración que máis lle gusta e presentarllela aos demais.
- Escribir a historia que non se nos conta sobre como sería a vida da nai despois de que ambos morresen.
- Escribir a historia do pai despois de abandonalos.
- Imaxinemos e escribamos como será a súa vida agora, nese novo lugar ao que se accede despois de Nanguillala.
- Debatamos o tema da violencia e a paz en Órvar e Ionatan.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 416-2005